

O MEXICANO RAMÓN IVÁN SUÁREZ GAÑA O IV PREMIO INTERNACIONAL 'CIUDAD DE ORIHUELA' DE POESÍA PARA NENOS



O escritor mexicano Ramón Iván Suárez Caamal (Campeche, 1950) é o gañador do IV Premio Internacional 'Ciudad de Orihuela' de Poesía para Nenos cunha obra titulada co lema "Letras para armar tu canto". Ao certame optaron 174 orixinais, dos cales 53 procedían de países estranxeiros como Holanda, Arxentina, México, Venezuela, Cuba, Chile, Brasil, Portugal, Estados Unidos ou Israel.

O xurado, que destacou a gran calidade dos traballos presentados, decidiu concederlle o galardón a Ramón Iván Suárez por apreciar que o seu poemario

"fai un percorrido pola tradición literaria dende a poesía oral máis simple, como os cantos de berce, á poesía tradicional latinoamericana máis barroca, para rematar cunha homenaxe á poesía clásica castelá". Trátase dun conxunto de composicións de "moita riqueza léxica, rítmicas e musicais, poemas alegres nos que tamén está presente a natureza selvática".

Ramón Iván Suárez estudou para profesor de Educación Primaria e para mestre de Lingua e Literatura Españolas. É o autor da letra do himno de Quintana Roo e do Himno de Cozumel. Ten publicados varios libros de poesía para nenos: "Poemas para los más pequeños", "La fauna del Platón y otros poemas", "Una reportera para las palabras" a base de exercicios para obradoiros infantís de poesía, e un libro-cd de poemas musicalizados. En 2010 gañou o Premio Hispanoamericano de Poesía para Nenos convocado pola Fundación para as Letras Mexicanas e o Fondo de Cultura Económica, un dos concursos máis prestixiosos do mundo neste xénero. Tamén obtivo o primeiro premio do Concurso Nacional convocado pola Secretaría de Educación Pública de México en 1982 e 1986, e o Premio Nacional Miscaltia para promotores de cultura infantil en 2000.

O xurado estaba formado polo alcalde de Orihuela Monserrate Guillén Sáez como presidente; a profesora e escritora Beatriz Giménez de Ory, que gañou en 2010 o III Premio Internacional 'Ciudad de Orihuela' de Poesía para Nenos; o poeta Jesús Manuel González López; a profesora María Isabel Selfa García, integrante do colectivo de promoción da poesía Dilluns Poètics; o poeta de Orihuela José Luis Zerón Huguet; o director de Faktoria K de Libros, Xosé Ballesteros; e Manuel Ferrer Díez, como secretario.

O Premio Internacional 'Ciudad de Orihuela' de Poesía par Nenos está organizado pola Concellería de Educación do Concello de Orihuela e Faktoria K, selo editorial de Kalandraka. A concelleira de Educación, Rosa Martínez, anunciou que a edición do poemario de Ramón Iván Suárez presentarase en marzo de 2012 no marco dunhas xornadas de poesía. Pola súa parte, o director de Faktoria K sinalou que "este poemario fermoso converterase nun libro fermoso que cruzará o océano" para chegar ao país de orixe do autor. Pola trascendencia internacional que foi adquirindo o galardón, Xosé Ballesteros resaltou que a poboación latinoamericana "ten os seus ollos postos" no Premio Internacional 'Ciudad de Orihuela' de Poesía para Nenos.

"Letras para armar tu canto" súmase agora a "Los versos del libro tonto", de Beatriz Giménez de Ory, distinguido o pasado ano; "Ciudad Laberinto", de Pedro Mañas, gañador do certame en 2009; e "El secreto del oso hormiguero", de Beatriz Osés, que obtivo o premio na súa primeira edición.